

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*RESOLUCIÓN do 12 de maio de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do tribunal que cualificará as probas de acceso ás ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para as persoas aspirantes que non cumpran o requisito de titulación de bacharelato.*

Unha vez convocado o proceso de acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas artísticas superiores de Música, de Deseño, de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e de Arte Dramática para o curso 2021/22 polas respectivas resolucións do 4 de maio de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 18 de maio, e de conformidade co establecido nas bases da dita convocatoria, esta secretaría xeral

**DISPÓN:**

Primeiro. Designar os membros do tribunal que avaliarán e cualificarán as probas de acceso ás ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para as persoas aspirantes que non cumpran o requisito de titulación de bacharelato.

Segundo. Os membros deste tribunal terán dereito á percepción de asistencias de acordo co establecido no capítulo IV do Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2021

José Luis Mira Lema  
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional



## ANEXO

**Tribunal da proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para aspirantes que non cumpran o requisito de titulación de bacharelato**

| Tribunal titular |                                       | Tribunal suplente |                                      |
|------------------|---------------------------------------|-------------------|--------------------------------------|
| Presidenta       | Isabel Serna Masiá                    | Presidente        | Manuel Guerra Fernández              |
| Secretario       | Manuel Ángel García Gómez             | Secretaria        | M <sup>a</sup> Rosario Ureña Lara    |
| Vogal 1º         | Rosa Gao Sánchez                      | Vogal 1º          | Juan Lago Leis                       |
| Vogal 2º         | M <sup>a</sup> Jesús Lorenzana Lamelo | Vogal 2º          | Victoria Cerviño Ferrín              |
| Vogal 3º         | Carmen Meiriño González               | Vogal 3º          | Ana María López Díaz                 |
| Vogal 4º         | Noemí Álvarez Villar                  | Vogal 4º          | M <sup>a</sup> Esther Barroso Millán |
| Vogal 5º         | Julita Taboada Martínez               | Vogal 5º          | Luz Barreiro Neira                   |
| Vogal 6º         | Ricardo Pita Fernández                | Vogal 6º          | María Isabel García Criado           |

